

Os abesullóns

Cando rematei as miñas tarefas xa era de noite. Estaba cansa e o primeiro que pensei foi en irme a durmir, pero pensei que tal vez debería comer algo, polo que levanteime da cadeira e dirixinme á cociña.

A miña casa é, polo xeral, bastante escura. As paredes vermellas e o chan de madeira invadíanse dunha cor máis escura segundo ían pasando as horas. Como xa eran cerca das doce da noite, estaba todo moi escuro, polo que prendín a luz para ver con máis claridade. Baixei as escaleiras metida nos meus pensamentos mentres achegábame á cociña. Xa alí, o primeiro que fixen foi prender a pequena televisión que tiña alí.

O son do programa no que estaba rompeu o inmenso silencio que había na casa. Xa estou acostuada a estar soa, pero as veces preciso dunha compañía que non teño.

Mentres miraba na neveira na procura de algo apetecible, escoitei o ruído que sona cando alguén prende ou apaga a luz. Cando me volteei a ver resultou que a luz do corredor apagouse. Pero decidín non darlle importancia, as veces pasábame iso e xa estaba acostuada.

Estaba preparándome un ovo frito cando a televisión comezou a pitar, cun son moi irritante. A miña reacción foi taparme os oídos e mirar a televisión. Despois duns segundos que pareceron horas o son parou. E unha pantalla negra apareceu, e unha voz masculina comezou a falar.

“Aviso urxente. Pechade as fiestras e as portas, non fagades ruído, non gritesdes, non intentedes defendervos, buscade un lugar seguro e non vaias a investigar. **Si ves a unha persoa que se ve idéntica a ti, corre e escóndete**”

Esas palabras déronme un calafrío e uns suores fríos comezaron a invadir o meu corpo. Decidín facerlle caso ao home do audio, comecei a pechar todas as portas e fiestras, subín correndo ao piso de arriba e escondinme nun armario, en parte sentíame segura, xa que estaba segura de que así ninguén podería entrar na casa.

O que non sabía era que aquel ser do que me estaba escondendo, xa estaba dentro.